

VIERNES, 5 de octubre de 2007

ENTREVISTA: BERNARDINO GRAÑA | POETA | LUCES

'Non lle hai que ter medo ao verso, ten lectores'

TERESA CUIÑAS | 5 OCT 2007

Archivado en: Escritores Poesía Galicia Literatura Gente España Cultura Sociedad

Sentado no seu recuncho cangués, Bernardino Graña fala mirando ao mar da Ría de Vigo. Agora pasa tempadas no seu outro fogar na Coruña e, recién chegado a Cangas, alédase ao atopar, por fin, os lentes de ler enriba dunha das mesas de traballo. O escritor vén de cumprir 75 anos e, para celebralo, os seus amigos reuníronse no Morrazo. Foron tres días de recitados de versos, música e teatro para festexar unha singradura humana e profesional vencellada á terra que o viu nacer.

Pregunta. Preparáronlle unha boa festa de aniversario.

Resposta. 75 anos, que barbaridade! É un reencontro, porque a vida disgréganos, espalla a xente. Nacín en Cangas, vivín 17 anos en Moaña, estiven en Madrid e en América, agora estou entre A Coruña e Cangas, ando dun lado para outro! É unha ocasión especial, xuntámonos ao pé do mar. Non teño problemas en cumprir anos. Confeso que vivín, como dixo Neruda, e non lle teño medo á morte, morrer é normal.

"O nacemento non é realmente o momento do parto. Ao ventre de miña nai chegábanme as conversas, as tertulias da taberna do meu padriño"

P. Cavila na morte?

R. Quixera que me pasara o que á miña avoa materna, que dicía: "Eu non sei para que Deus me ten neste mundo". E morreu aos 98 anos, farta de vivir. Aínda que estraguei algo o corpo, proveño dunha familia lonxeva!

P. Nas homenaxes participaron todos os seus lectores, porque ten obra para moitos públicos.

"Escribo desde o neno que son e non esquecede á avoa, á madriña, ó tío mariñeiro ... Todos eles perviven en min como unha vibración infantil"

R. Hai un público que os editores descoñecen que existe. Cando publiquei *Tres vellas tábulas novas* (Everest Galicia, 2006), a editora preguntábame a qué idades ía destinado o libro, se a cinco ou seis anos. Eu díxelle, pónlle un cero tamén, se queres! Son contos filosóficos en verso, fábulas universais. A historia que relatei en *O gaitero e o rato Pérez* (Xerais, Premio Merlín 1993) contou a miña avoa canda neno. Andando o tempo atopeina noutras literaturas, na chinesa, na xaponesa, na siberiana. A lección que transmite é a importancia do pequeno. Para quen escribían Esopo, Iriarte,

Samaniego ou La Fontaine? Os rapaces gozan porque falan os animais e discuten entre eles, pero os maiores entenden que hai máis profundidade de vida. Non lle hai que ter medo ao verso, ten lectores.

P. Gústalle que o recoñezan como *poeta do mar*?

R. Eu son poeta do amar! Creo que o amor ten máis protagonismo na miña obra. En realidade, está todo misturado, o amor, as persoas, a natureza. Abrazas ao mar, méteste nel. Debemos comprometernos coa natureza. O pintor Virxilio, que ilustrou *Protección do mar*, botábase ao mar e tragábase! Tiven a sorte de atopalo en Vigo hai uns meses.

P. Para mostra, o xeito no que combina vostede verso e prosa.

R. Non hai por qué diferenciar. Tampouco Valle Inclán o facía! É como me sae de dentro.

P. Escoiteille unha vez dicir que os escritores non contaban nada novo, que se limitaban a roubarlle os contos á xente. Referíase a que vostede relataba as historias que aprendera da súa avoa e da súa madriña.

R. Antes de nacer xa escoitaba o ambiente da taberna do meu padriño. O nacemento non é realmente no momento do parto. Ata o ventre da miña nai chegábanme as conversas, as tertulias ... A miña madriña non podía pechar a tasca ata que aqueles homes e marchaban. Galicia ten un falar musical e adormecía con aquelas voces. Aínda gardo a memoria dese balbordo. Agora a xente está na filosofía de *toma o diñeiro e corre* e mirando os rañaceos! Sempre quixen ser escritor.

P. Cando o tivo claro?

R. Xa canda neno. Con cinco, seis anos xogaba cos papeis, facía garabatos para vestilos e facía libriños... Aprendín a lingua por inmersión, foime quedando. A avoa non sabía castelán e eu malamente galego. Non había libros, era a madriña quen traducía! Agora vou quedar unha tempada en Cangas porque hai xente que me quere contar historias e teño gañas de seguir escoitando. Hai que recibir para dar... e para que o meu fillo non me chame *okupa* porque non cociño nin conduzo! Hoxe reparei en que xa publicara un texto que quería incluír no libro que editará Xerais o ano que vén, *Acendede as almenaras*, e que será o meu novo poemario. Agora teño que avisar para que non o metan! En parte, ten material novo, inéditos, e tamén recompilo poemas que entreguei a revistas, homenaxes...

P. Coido que tamén ten un par de novelas esperando nun caixón.

R. Dúas ou máis! Eu aliméntome, cheiro, gusto... Non podo dicir que estou escribindo, aínda me preparo con lecturas, buscando información. O proceso pode levar anos. O meu irmán pequeno morreu aos catro anos e eu padecín unha febre tifoidea terrible que me obrigaron a cumprir os 11 anos na cama. Perdía moito sangue... A madriña coidábame e non me deixaba ir á pesca do bonito. Eu devecía por ir porque os meus tíos contaban que era "o máis bonito que había" pero prohibíronme pescar así que teño que documentarme moito sobre a vida a bordo, a navegación e as artes de pesca. Indagar sobre a realidade e facer un esforzo de imaxinación. Inspírome, leo os relatos do meu amigo José Oliveira, un capitán de corbeta que surcou moitos mares no *Juan Sebastián Elcano*. Falta por escribir unha boa novela sobre a navegación aínda que hai unha que me gusta moito, *Os ausentes de Castellón*, de Jacobo Barros (Sotelo Blanco, 2005).

P. A piques estivo vostede de vivir unha peripecia marítima.

R. Con 17 anos quixen viaxar a América como polisón. O panorama económico da familia estaba como estaba, eu estudiaba o bacharelato en Vigo e vía como marchaban a moreas para a emigración. Meus pais estaban en Ribadavia, onde meu pai era mestre. Sabía dun compañeiro seu que marchara nun veleiro e estaba empregado na alfándega dalgún lugar. Tiña o seu enderezo e subín a un deses vapores que cruzaban o Atlántico. Deixelle recado a un amigo meu: "Se preguntan por min, dí que estou de mariñeiro en América". Embarquei confundido entre a pasaxe e falaba co capitán e cos tripulantes. Como se demoraron pintando os botes salvavidas, deulles tempo na casa a virme buscar. Eu delatárame fedellando entre os algodóns que agochaban unhas galletas... Nada máis que cheguei a albiscar as torres da Colexiata..

P. Pero, finalmente, marchou para América.

R. Moito tempo despois, como profesor. Xurdíu unha oportunidade para impartir aulas en São Paulo. Acababa de coñecer á miña muller, o día do ciclón *Hortensia*, lémbroo ben. Non o pensei dúas veces e propúxenlle que se viñera comigo. Vendimos os coches e alá fomos. Fixémoslle caso ó corazón, que é o máis importante nesta vida! Gañaba ao mes medio millón de pesetas, o que os brasileiros nun ano. Unha barbaridade! O director da escola prohibíame

revelar o meu soldo. Era un Francisco Pizarro que estaba obsesionado con españolizar América... e pretendía que eu fose o seu lugarteniente! A bo lado foi dar! Entre aquel Pizarro e as noticias que proviñan de aquí regresamos. No tempo que estivemos aló morreron Igúns dos máis íntimos. Había que tocar terra. De feito, cando morreu a avoa viñéronnos visitar uns extraterrestres a São Paulo.

P. Interésalle a ciencia-ficción?

R. Di moitas verdades!

P. E o cinema?

R. Ten moito falar. É demasiado diálogo e con exceso de présa, é difícil comprender o que din, cando se trata de imaxes en movemento. Charlot, por exemplo, segue sendo insuperable.

P. Que tal se leva coa computadora?

R. A informática é un miragre pero cansa un chisco! Aínda que a letra é máis amable, escribo en ordenador, permíteme darlle voltas e voltas a unha novela. Sobre Internet... cun fillo de 15 anos non teño nada que aprender! Con todo, sigo consultando a enciclopedia.

P. Que opinión ten dos escritores novos?

R. Hai de todo, e moitas cousas positivas. Beatriz Dacosta é unha gran autora da que me sinto orgulloso de poder dicir que foi alumna miña, Anxo Angueira tamén é un gran autor e, sobre todo, recitador. O que non se pode perder de vista é o ritmo do corazón, que moita xente non aprende! Os latexos son as bases de moitas músicas, e que é a poesía senón música?

P. Entón, que lle atrae da escrita dunha novela?

R. Contar, a novela é un conto complexo. O xogar canta e conta para entreter ao público o mellor posible. Sinto o orgullo de dicir que son un xogar. Gústame a música e non me gusta que os poemas perdan esa musicalidade, que se perda o ritmo dos poemas.

P. Como consegue comunicarse cos cativos?

R. É moi simple. Escribo desde o neno que son e que non esquece á avoa, a taberna do padriño, á madriña, ó tío Emilio que era mariñeiro... Todos eles perviven en min, como a vibración infantil que recordo desde sempre e que me dicía que tiña que ser escritor. O neno cando medra aprende e desaprende. Uns foron, outros, por sorte, aínda somos nenos.